



**C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTÍÑOS
(A CORUÑA)**

Diligencia para fazer constar que as presentes bases foron aprobado por Resolución da Alcaldía númeru. 294 do 28-04-2009. Malpica de Bergantíños
28/04/2009. O secretario
Fernando Luis Ballón García

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTÍÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 • 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

BASES PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A PARA O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTÍÑOS

Iº OBXECTO

É obxecto das presentes bases a selección e posterior contratación, en réxime de dereito laboral, con carácter temporal e a xornada completa, baixo a modalidade contractual de servizo determinado, dun técnico/a en normalización lingüística.

O servizo de normalización lingüística no Concello de Malpica de Bergantíños carece de carácter permanente ou estructural e ten unha sustantividade e autonomía propia dentro da actividade do Concello.

A duración do contrato abrangue dende a formalización do contrato ata a finalización do convenio que financia o servizo, asinado coa Deputación Provincial para a prestación do servizo de normalización lingüística durante o período do 2009 ao 2011, e que presumiblemente finalizará o 31 de decembro de 2011. A duración está, polo tanto, directamente vencellada coa persistencia da subvención necesaria para o seu financiamento, polo que estando só asegurado o financiamento ata o remate do ano 2009, para o caso de non prorrogarse a subvención provincial do servizo, o contrato extinguiríase o 31 de decembro de 2009, de continuar a subvención extinguiríase ao término desta.

O salario bruto mensual (soldo e complementos) será de 1.567,90 € mensuais e correspondele dúas pagas extras por 1.157,82 €. O grupo de cotización a seguridade social é o I.

A xornada laboral será fixada pola Alcaldía en atención ás funcións a desenvolver sen sobrepassar os límites establecidos na lexislación laboral vixente.

As funcións a desenvolver polo traballador serán ás seguintes:

Funcións xerais

- Asesorar á Administración en todo ou relacionado coa política lingüística.
- Facer un seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da Institución e, polo tanto, velar para que se lle garanten os dereitos lingüísticos á ciudadanía.
- Colaborar coa Administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalien convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos aspirantes.

Funcións xerais internas:

- Asesorar a administración en todo o relacionado coa política lingüística.
- Velar polo cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto, velar para que se lle garanten os dereitos lingüísticos á ciudadanía.



C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTÍÑOS
(A CORUÑA)

Diligencia para fazer constar que as presentes bases foron aprobado por Resolución da Alcaldía n.º 294 do 28/04/2009. Malpica de Bergantiños
28/04/2009. C/secretario
F. J. A. T. Tidón García
C/secretaria

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTÍÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax: 981 72 16 27
E-mail: correio@malpica.dicoruna.es

- Colaborar coa administración para determinar os perfis lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

Funcións de dinamización lingüística:

- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega no ámbito de influencia da entidade.
- Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social.
- Promover e coordinar redes de traballo para o fomento do uso do galego no ámbito asociativo, educativo, empresarial, etc., do termo municipal.
- Planificar e proponer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien a sociedade respecto ao uso da lingua galega.

Funcións de formación (socio)lingüística:

- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega xerais e específicos, para a poboación en xeral ou para sectores concretos.
- Difundir entre a cidadanía materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
- Colaborar no deseño de programas de formación non-lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorábeis á mellora de actitudes lingüísticas.

Funcións de asesoramento lingüístico interno:

- Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
- Normalizar a imaxe lingüística e fixar criterios lingüísticos para a organización.
- Resolver dúbidas lingüísticas.
- Elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo ás necesidades dos departamentos.

Funcións de coordinación e apoio entre a Deputación e os concellos:

- Apoiar e difundir as accións de normalización desenvolvidas pola Deputación da Coruña.
- Coordinarse coa Deputación e outros concellos para planificar e executar accións de normalización.

2º PROCEDIMENTO PARA A SELECCIÓN

Dadas as características das funcións a desenvolver e a naturza temporal da contratación prevista adóptase o sistema de concurso.

O proceso selectivo rexeráse polo establecido na Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Régime Local; no Real Decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Estatuto dos Traballadores, Texto refundido aprobado por Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo., na lei 30/1984, dc 2 de agosto de medidas de reforma da función pública; na Lei 5/1997, de 22 de



**C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTÍNOS
(A CORUÑA)**

Olixencia para facer constar que as
presentes bases foron aprobado por
Resolución da Alcaldía nún. 294 do
28-04-2009. Malpica de Bergantiños
28-04-2009. O secretario
Vicente Tellez Gómez

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTÍNOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

xullo, de Administración Local de Galicia; na lei da Función Pública de Galicia; no R. D. 364/1995, de 10 de marzo; no regulamento de funcionarios da administración local; na lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na restante lexislación relativa á materia de selección de persoal por parte das administracións públicas que lle sexa de aplicación.

3º PUBLICIDADE

Será publicado un anuncio da convocatoria deste procedemento de selección nun diario dos de maior difusión da provincia, ademáis publicaranse estas bases e a súa convocatoria no Taboleiro de Anuncios do Concello, sendo a data da publicación do anuncio no diario de maior difusión provincial a que servirá para o cómputo do prazo de presentación de solicitudes.

Tódalas demais publicacións, comunicacións e notificacións que se teñan que facer neste proceso selectivo faranse a través do Taboleiro de Anuncios.

4º REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para optar á praza os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias- solicitudes:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea, sen perxuízo do previsto no artigo 57 do EBEP.
- b) Ter cumplidos 16 anos de idade e non ter alcanzado a idade de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes do título de licenciado/a en filoloxía galego-portuguesa, en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica (sección gallego-portugués) e en posesión do CELGA 5.
- d) Posuir a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas obxecto deste procedemento. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia adxunta ás presentes Bases). No caso de minusvalía que non impida o exercizo das súas funcións deberá justificarse por medio de certificación da Consellería competente. As persoas con minusvalía deberán facelo constar na solicitude de participación neste procedemento cando precisen adaptación das probas.
- e) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o emprego ou cargo



C O N C E L L O
DE
M A L P I C A D E B E R G A N T I Ñ O S
(A CORUÑA)

Diligéncia para facer constar que as presentes bases foron aprobado por Resolución da Alcaldía númeru 294 do 28/04/2009. Malpica de Bergantiños 28/04/2009. O secretario
F. J. Regis Tellón García

Avenida Emilio González, 1
15113 M A L P I C A D E B E R G A N T I Ñ O S (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

público por sentencia firme. Acreditarase mediante declaración xurada (ou na declaración da instancia adxunta ás presentes bases).

- f) Non incorrer nos supostos legais de incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas.

5ª SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte no proceso selectivo dirixiranse ao Sr. alcalde-presidente do Concello de Malpica de Bergantiños, presentándose no Rexistro Xeral do mesmo (ou na forma prevista no artigo 38.4 da lei 30/92, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común) no prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria nun dos periódicos de maior difusión da Provincia da Coruña.

Acompañarase a instancia inexcusablemente a seguinte documentación:

- 1 Currículo vital no que se relacione e enumere os méritos alegados no presente concurso.
- 2 Fotocopia compulsada do D.N.I (no seu defecto, resgado do DNI ou pasaporte)
- 3 Fotocopia compulsada da titulación requerida para o acceso ao posto.
- 4 Declaración xurada específica dos requisitos contemplados na Base 4º d) e e).
- 5 Os méritos deberán acreditarse mediante fotocopia compulsada. Aqueles méritos que non estean correctamente documentados ou non estean contemplados nas presentes bases, non serán tidos en conta polo tribunal de selección. A experiencia profesional deberá acreditarse con certificados de empresa indicando posto e duración do contrato (óriginais ou copia compulsada) ou informe de vida laboral da Seguridade Social, (óriginal ou fotocopia compulsada) acompañando fotocopias compulsadas dos contratos. O tribunal poderá estimar acreditada a experiencia profesional a través doutros medios admisibles en dereito.
- 6 Copia compulsada do xustificante de ingreso na conta municipal nº 2091-0030-56-3110000041 na entidade Caixa Galicia, cos datos persoais do aspirante e praza á que opta. A non presentación e pago da taxa por dereitos de participación en procesos selectivos (15 €) dentro do prazo de presentación de instancias, non poderá ser obxecto de subsanación, determinando a exclusión do/a aspirante.
- 7 Expirado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía- Presidencia dictará providencia no prazo máximo de cinco días naturais, pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión e o prazo para a emenda da documentación, que será de 10 días hábiles dende a publicación no taboleiro de anuncios do Concello da listaxe provisional.

C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTÍÑOS
(A CORUÑA)

Diligencia para fazer constar que as presentes bases foron aprobado por Resolución da Alcaldía núm. 294 do 28/04/2009. Malpica de Bergantíños 28/04/2009. O secretario
Jesús Tallón García

Avenida Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTÍÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

No caso de non existirán aspirantes excluídos, poderase elevar a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución dando, inicio ao proceso selectivo.

6º ADMISIÓN DE ASPIRANTES E NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DOS PROCEDOS SELECTIVOS

6.1. Admisión de aspirantes.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, realizadas as emendas requirida, ditarase resolución da Alcaldía aprobando a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos con indicación, se é o caso, dos motivos de exclusión, sendo publicada no taboleiro de anuncios do Concello e sinalando o lugar, data e hora da constitución do tribunal e do comezo do procedemento de selección.

6.2 Normas xerais no desenvolvemento do proceso de selección:

- Baixo ningunha circunstancia se facilitará información telefónica sobre prazos de presentación de instancias, documentación, listaxes de admisión de aspirantes, cualificacións obtidas ou similares. O Concello únicamente facilitará datas de publicación de diarios e localización de documentos informativos no taboleiro de anuncios. Calquera outra cuestión ou incidencia relativa ao desenvolvemento do proceso selectivo será resolta polo tribunal designado. No rexistro xeral do Concello poderanxe obter copias das presentes bases.

- A documentación acreditativa dos méritos deberá estar presentada no prazo máximo de presentación de instancias, non podendo durante o prazo de subsanación de documentación, engadir documentación de novos méritos non presentados no devandito prazo.

7º TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal Cualificador estará conformado por:

PRESIDENTE: Carlos Cruz Freire (técnico de xestión económica do concello)

SECRETARIO: Isabel Fernández Deus

VOGAIS: Francisco Doval Galón (xerente do Ecomuseo Forno do Forte –persoa laboral do Concello-, José Ramón Andrade Amigo (técnico de emprego do Concello), Jesús Tallón García (secretario do concello) José Manuel Suárez Esmorís (enxeñeiro do Concello)



**C O N C E L L O
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)**

Diligencia para fazer constar que as presentes bases foron aprobado por Resolución da Alcaldía n.º 294 do 28-04-2009. Malpica de Bergantiños 28-04-2009. O secretario
Jesús Tallón García

Avda. Emilio González, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)
Teléfs. 981 72 03 18 - 981 72 03 19 - 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es

Os membros do Tribunal deberán abstirse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 de 26 de novembro, pola que se aproba o réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran as devanditas circunstancias, segundo o disposto no artigo 29 da mesma Lei.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será preciso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos seus suplentes.

As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros asistentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do Presidente.

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

Para os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións dos tribunais, resultará de aplicación, se procede, o Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

O Tribunal, na súa composición velará polo cumprimento do principio de especialidade, en base ao que, a totalidade dos membros deberá poseer un nivel de titulación igual ou superior ao esixido na presente convocatoria; así como polo cumprimento do principio de predominancia técnica.

O Tribunal actuará estritamente conforme ao previsto nestas bases, resolverá todas as dúbidas que xurdan da aplicación das mesmas e determinará a actuación procedente nos casos non previsto nelas.

8º PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O proceso de selección consistirá nun concurso de méritos entre os aspirantes que sexa admitidos ao proceso de selección e terá lugar no salón de Plenos do Concello de Malpica na data que sexa fixada mediante resolución da Alcaldía do Concello.

- Dentro da fase de concurso terase en conta os seguintes criterios:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL:

- Por desempeño de postos de igual natureza en concellos ou noutras administracións públicas 0,25 puntos por mes, ata un máximo de dous (2) puntos.

Dilixencia para facer constar que as presentes bases foron aprobado por Resolución da Alcaldía númeru 294 do 28-04-2009 Malpica de Bergantiños
28-04-2009. O secretario
Jesus Tolón García

- Polo desempeño de postos de igual natureza en empresas privadas 0,10 puntos por mes, ata un máximo de dous (2) puntos.

- Impartición de cursos de galego: 0,2 por curso ata un máximo de 3 puntos.

A puntuación máxima do apartado de experiencia profesional será de sete (7) puntos.

CURSOS RELACIONADOS CO POSTO

- Por acreditación oficial de cursos, xornadas, congresos etc. relacionados co posto, expedidos por organismos oficiais (EGAP, FEGAMP, Deputación, ...), así como Universidades ou outros entes públicos ou privados recoñecidos oficialmente. Puntuando do seguinte xeito:

- | | | |
|----|--------------------------|-------------|
| a. | De entre 10 a 20 horas: | 0,10 puntos |
| b. | De entre 21 a 40 horas: | 0,20 puntos |
| c. | De entre 41 a 100 horas: | 0,40 puntos |
| d. | De máis de 100 horas: | 0,50 puntos |

A acreditación farase por cotexo dos diplomas oficiais diante da secretaría municipal ou persoa que legalmente a substitúa.

A puntuación máxima deste apartado (cursos) será de tres (3) puntos.

ENTREVISTA PERSONAL

Valorarase o coñecemento do posto de traballo nunha entrevista de carácter exclusivamente profesional cos aspirantes sobre os méritos alegados.

A puntuación máxima da entrevista será de catro (4) puntos.

A puntuación total máxima non poderá superar os catorce (14) puntos.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará taboleiro de anuncios da Corporación a relación dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta. O Tribunal elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor do/a aspirante que obtivera a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Así mesmo elaborará unha relación de reservas por

Diligencia para fazer constar que as presentes bases fueron aprobado por Resolución da Alcaldía n.º 294 do 28-04-2009 Malpica de Bergantiños
28-04-2009 O secretario
Santiago Tallón García

orde da puntuación obtida por se fose necesario cubrir algunha baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as. En caso de non formalización do contrato entenderase por desistido ao aspirante á praza e poderase pola Alcaldía nomear ao seguinte participante en puntuación no proceso selectivo, dando idéntico prazo para a formalización do contrato. Se co segundo nomemamento tampouco se formalizase o contrato procederíase con un terceiro e así sucesivamente. Procederase de igual xeito para o caso de renuncia antes da formalización do contrato ou unha vez formalizado sen que este finalizara.

No caso de quedar deserto o proceso selectivo, o Sr. alcalde queda autorizado a convocalo novamente tantas veces fose necesario, de conformidade coas presentes bases.

9º NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor do/a aspirantes proposto/a polo Tribunal Cualificador, e será nulo o nomeamento de quien estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de dez días naturais, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento.

Previamente á sinatura do contrato, as/os aspirantes nomeadas/os deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ó posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedará sometida a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

10º NORMAS FINAIS

1º O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde dos procesos selectivos naqueles aspectos previstos ou non nestas bases. Para todo o non previsto nestas bases, ou naquello que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demás lexislación vixente que sexa de aplicación.

Diligencia para fazer constar que as presentes bases foron aprobado per Resolución da Alcaldía númer. 294 do 28-04-2009. Malpica de Bergantiños
28-04-2009. O secretario
D. Jesus Tallón García

2º Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polas/os interesadas/os nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.


3º Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto. Neste último suposte, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contados dende o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo elo sen perxuízo de que poida exercitarse calquera outro que considere procedente.

Malpica de Bergantiños 24 de abril de 2009



Alcalde
Ramón Varela Rey

Dilixencia para facer constar que as presentes bases foron aprobaco por Resolución da Alcaldía n.ºm. 294 do 28-04-2009. Malpica de Bergantiños
28-04-2009. O. A. Gómez
Fernández Gómez



ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA

D/Dona _____ con D.N.I nº _____
 con endereço _____ C.P. _____
 localidade _____ c teléfono de contacto _____

EXPON

Que tendo coñecemento da convocatoria e bases que rexen o proceso selectivo para a contratación en réxime laboral temporal baixo a modalidade de servizo determinado dun/dunha

Normalizador/a / Lingüístico/a

E declarando explícitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso establecido nas mesmas.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación: (marcar cunha x)

- D.N.I compulsado
- Titulación compulsada
- Taxas dereito de exame.
- Documentación auténticada de méritos

SOLICITA: que sexa admitida esta instancia para participar no proceso selectivo referido.

Malpica de Bergantiños de abril de 2009

Síntura:

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS - A CORUÑA